

Inflúe a Lúa no crecemento do pelo?

Nunca cortes o pelo ou fagas a depilación en crecente porque o pelo crecerá máis forte e rápido. As unllas tamén son lunáticas segundo o saber popular. É iso certo?

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Isto é fácil, dispoñemos de pelos e métodos de corte, así que podemos analizar se este mito é certo.

2. Buscamos información.

Que relación hai entre a Lúa e o crecemento do pelo? Que estudos analizan a cuestión?

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial.

4. Realizamos un deseño de investigación.

Imos probar cunha depilación sinxela, empregando unha coitela de afeitar e un grupo de voluntarios, cantos máis mellor.

Rasuramos unha parte do brazo dereito, ou da perna dereita, en crecente e outra parte do brazo esquerdo, ou da perna esquerda, en menguante. Durante varias semanas imos tomando datos da velocidade de crecemento do pelo.

Para aumentar o número de datos a analizar podemos pedir axuda a outras persoas mediante un proxecto de ciencia cidadá. Para facelo só temos que deseñar unha aplicación mediante Epicollect five. Despois publicitamos o traballo en redes sociais e esperamos a recibir os resultados.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.

